



## ACTA DE SINATURA DO ACORDO SOBRE ORDENACIÓN E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, XORNADA, RETRIBUCIÓNS E CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL MÉDICO E DIPLOMADO EN ENFERMERÍA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA

### Pola Administración

- Cayetano Rodríguez Escudero  
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde
- Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
- Julio Villar Barreiro  
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria
- Jesús Rey García  
Subdirector xeral de Calidade e Programas Asistenciais
- Manuel López López  
Subdirector xeral de Réxime Retributivo e Xestión de Persoal
- Manuel Ángel Blanco Ramos  
Xerente de atención primaria de Ourense
- María Jesús Cerecedo Pérez  
Xerente de atención primaria da Coruña
- María Josefa Díaz Otero  
Xerente de atención primaria de Lugo
- Ana Isabel Castaño Carou  
Xerente de atención primaria de Santiago
- Juan Carlos Eirea Eiras  
Xerente de atención primaria de Vigo
- Antonio Regueiro Martínez  
Xerente de atención primaria de Pontevedra
- Jorge Yáñez Fernández  
Director de Urgencias e Procesos Ambulatorios da Área Sanitaria de Ferrol
- Paula Oliete Trillo  
Xefa do Servizo de Desenvolvemento Profesional
- María Ponte García  
Xefa do Servizo de Relacións Laborais
- Alberto Suárez López  
Servizo de Relacións Laborais
- Javier García Cheiro  
Servizo de Relacións Laborais

### Polas Organizacións Sindicais

- Xoán Cons Pintos (CIG)
- Manuel González Moreira (CIG)
- Lois Méndez Pérez (CIG)
- Carmen García Rivas (CEMSATSE-SATSE)
- M<sup>a</sup> Jesús San Martín Outeiral (CEMSATSE-SATSE)
- Rosa M<sup>a</sup> Vilas Vidal (UGT)
- Javier Martínez Fente (UGT)
- María Elena Carracedo Durán (UGT)
- José Ramón Lago Bouza (CC.OO)
- José Luis Marcos Luaña (CC.OO)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 14 de marzo de 2008, previa convocatoria a todos os membros de Mesa Sectorial coa seguinte orde do día:

"Sinatura do Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermería dos puntos de atención continuada, resultante da acta asinada o 22 de febreiro de 2008"; as partes

### EXPOÑEN:

Tras o complexo proceso de negociación iniciado o 6 de novembro de 2007 sobre condicións de traballo e retributivas do persoal dos Puntos de Atención Continuada, con reunións celebradas os días 6 de novembro e 18 de decembro de 2007, 11 e 22 de xaneiro e 13 de febreiro de 2008, e tras a acta de fin de negociación asinada o 22 de febreiro, por mor da convocatoria anterior comparecen CIG, UGT, CCOO e CEMSATSE (SATSE) e manifestan o seu acordo sobre o texto consolidado do Acordo que figura como Anexo, de modo que se poidan iniciar as actuacións precisas para a súa aprobación polo Consello da Xunta e a súa efectividade, previos os informes e autorizacións preceptivos.

*[Handwritten signatures and marks on the left margin]*

*[Handwritten signatures and marks on the right margin]*

*[Handwritten signatures and marks at the bottom of the page]*



Como resultado da mesma negociación adquirense os seguintes compromisos:

1.- Constituirase un grupo de traballo, conformado por representantes da administración e sindicatos da mesa sectorial, para estudar a reordenación dos postos de traballo de xestión e servizos dos PAC. En tanto non conclúa este proceso, que se iniciará coa elaboración de plans de ordenación de postos a facer polas Xerencias, que serán trasladados para a súa negociación en mesa sectorial, posibilitarase a repercusión retributiva mediante programas especiais transitorios nos postos de xestión e servizos nos PAC, ata a dotación das prazas que resulten. Estes programas están dirixidos ao persoal da categoría de celador, fundamentalmente en PAC informatizados, que asuman expresamente o contido funcional das labores administrativas do PSX, no marco da modernización e mellora na calidade do servizo, e serán retribuídos coa diferenza retributiva actual entre celadores e PSX, cifrada en 45 euros mensuais.

2.- Sen prexuízo da vixencia temporal definida neste Acordo, no marco da negociación do Acordo Marco de condicións de traballo para todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, poderán establecerse as condicións para a implantación dun complemento por traballo a quendas para o persoal de PAC se así o acordan as partes.

Estes compromisos serán tamén publicados no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2008.

Pola administración:

*[Handwritten signatures for the administration]*

Polas organizacións sindicais:

CIG:

*[Handwritten signature for CIG]*

CC.OO.:

*[Handwritten signature for CC.OO.]*

UGT:

*[Handwritten signature for UGT]*

CEMSATSE (SATSE):

*[Handwritten signature for CEMSATSE (SATSE)]*

*[Vertical handwritten notes on the right margin]*